


Lectores/as expertos/as e Xuvenil

Silvana a filla do explorador. Os espíritos azuis
Ramón Marcos. El Patito Editorial.

A filla dun famoso explorador viaxa a Sumatra a reunirse co seu pai. De camiño parará en Exipto onde uns estraños demos están a atacar aos participantes nunha escavación arqueolóxica. Silvana axudará a desvelar este misterio.



Reckless. Corazón de pedra. Cornelia Funke. Xerais.

Jacob Reckless cometeu un erro: despois de moitos anos de precaución o seu irmán Will cruzou o espello e foi tras el... a un mundo no que os contos máis tenebrosos e no que a maldición dunha fada sementa carne de pedra.

Palabras envenenadas. Maite Carranza. Edebé.

Crónica dun día trepidante, protagonizado por tres persoas vencelladas a unha moza desaparecida misteriosa e violentamente cando tiña quince anos. Un enigma que despois de catro anos sen resolverse se vai ver sacudido por novas pistas.



Adultos/as



Todo e silencio. Manuel Rivas. Xerais.

Narra o ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista e a vida dun grupo de amigos, determinada pola sombra omnipresente de Mariscal.

Maldito karma. David Safier. Seix Barral.

Unha presentadora de televisión morre e se reencarna nunha formiga. Inicia un proceso de acumular bo karma para escalar na pirámide da evolución. Divertida novela sobre a importancia de valorar o que tes.



As nosas recomendacións

Un ano máis queremos compartir con todos vós as nosas propostas de lectura, para que entre os agasallos que poidades facer ou recibir nestas datas, non esquezades os libros, a música e o cine.

Estas recomendacións son unha mostra do noso compromiso conxunto coa lectura desde a infancia á idade adulta.

Desexámosvos felices festas e felices lecturas en familia!

Audiovisual

Alicia en el país de las maravillas. Tim Burton. Walt Disney.


Cine fantástico para todos os públicos, obra para gozar en familia, desde os máis pequenos/as aos adultos/as. Tim Burton ofrécenos a súa particular recreación dos clásicos de Lewis Carroll; todo un agasallo para os sentidos e para a imaxinación.



Galeoke. Colectivo Galeoke.

Primeiro xogo interactivo de karaoke con cancións de artistas galegos. Volume I con dezaseis temas orixinais para pasalo ben cantando.

Emprega o software libre Ultrastar Deluxe similar ao empregado no xogo Singstar.



Recomendacións de lectura das bibliotecas:


CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo

CEIP Ana M^a Diéguez de Asados

CEP X. M^a Brea Segade de Taragoña

IES Félix Muriel

Biblioteca Pública Municipal Castelao



Abre a porta da maxia, da aventura e da imaxinación.


Está na túa man. Le!

Rianxo - Decembro 2010

Prelectores/as

O país dos mandóns. Paloma Rodríguez. Editorial Embora.

Un conto que nos fala da igualdade entre as mulleres e os homes, da necesidade de que nenos e nenas constrúan xuntos un mundo no que todos/as poidan medrar.





A vella Lulula. Mar Pavón. OQO.

A vella Lulula decide lavar a roupa e colgala a secar, a pesar da tormenta. Voces misteriosas do seu xardín intentan disuadila. Fantasía, maxia, xogo e adiviña nun divertido conto acumulativo.

Rodribico e a noite. Xosé Tomás. Baía Edicións.

Unha noite, Rodribico non podía durmir porque comera moito e sentíase pesado, polo que decidiu ir dar un paseo. Nunca antes saíra do niño pola noite, polo que tiña algo de medo.





Ola, ola, la Mamá cabra. Galaxia.

Un conto de Gloria Sánchez acompañado dun CD de música e un DVD-Karaoke para que aprendas as cancións e poidas cantalas na compañía dos músicos da banda.

Primeiros/as lectores/as

Océanos animados e Granxa animada. Roger Priddy. Macmillan.

Dous títulos para sabelo todo sobre os animais da granxa e dos océanos. Información axeitada a primeir@s lector@s acompañada de fascinantes fotos e despregables.




Bailar nas nubes. Vanina Sarkoff. Kalandraka.

A protagonista desta historia saía da casa todas as mañás para ver as nubes. O seu soño era bailar con elas algún día. A súa nai dicíalle que só os paxaros eran quen de tocalas. Pero ela porfiaba... Facer realidade o seu soño vains levar tamén a imaxinar un mundo mellor no que convivan diferentes culturas.

Andrés cabeza abaixo. Pablo Albo. OQO.

O protagonista deste divertido conto é engulido por un ogro que na súa barriga tiña un dragón, que na súa barriga tiña un oso salvaxe, que tiña dentro un león famento... Acompaña a Andrés na súa viaxe polo interior dos máis variados monstros.




A orquestra de Clara. Elisa Ramón. Editorial Tambre.

Clara naceu entre música. Tocar a trompeta é o que máis lle gusta. Ademais está convencida de que a música esperta o mellor da xente e axuda a resolver os principais problemas que hai no noso mundo.

Lectores/as autónomos/as

Historias de Mestre Raposo. Bruno Heitz. Factoría K.

Banda deseñada cun pícaro raposo como protagonista que utilizará todo o seu ensino para conseguir alimentos para a súa familia nunha época de fame e penuria.




Contos para nenos que dormen de seguida. Pinto e Chinto. Kalandraka.

28 relatos breves, escritos con gran sentido do humor, que sorprenderán aos lectores/as con finais inesperados que os farán durmir cun sorriso nos beizos.

Xoa. Antonio Yáñez Casal. Xerais.

Cando Xoa naceu houbo festa rachada, había moito tempo que non nacera unha xoaniña e todos querían celebralo. Se queres saber máis sobre a vida dunha xoaniña moi especial, este é o teu libro.



A filla do ladrón de bicicletas. Teresa González Costa. Xerais.

Serafina vive coa tía súa nunha vila mariñeira. Quere ser equilibrista nun circo coa súa bicicleta Celerífera e aínda que a súa tía non llo permite ela non deixa de esforzarse para conseguilo. Contará coa axudas dalgúns amigos especiais.

Un veciño cheo de sorpresas. Victor Raga. Col. O club da ciencia. Xerais.

Os seis títulos da colección o club da ciencia teñen como protagonistas a Martiño, Helena e o seu veciño o señor Viramontañas que lles irá aprendendo os maravillosos misterios da ciencia. Para nenos e nenas curiosos.

